


Recomendacións de vacinación fronte ao pneumococo

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN

Dirección Xeral de Saúde Pública

Actualización, 14 de xullo de 2026



XUNTA
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Título:

Recomendacións de vacinación fronte ao pneumococo

Programa galego de vacinación

Actualización: 14 de xullo de 2026

CONTROL DE CAMBIOS

DATA	DETALLES
1 de xuño de 2023	Publicación do documento
15 de abril de 2024	Actualización, inclusión de VNC20 en menores de 18 anos (apartado 4.1)
23 de abril de 2024	Inclusión apartado 4.3: Vacinación en menores de 18 anos con condicións de risco
7 de maio de 2024	Inclusión apartado 4.2: <i>Catch-up</i> nenos/as nados no ano 2022
14 de xullo de 2026	Cambio pauta en persoas institucionalizadas en grupo 1

Edita:

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública

Servizo de Control de Enfermedades Transmisibles

Lugar e data de edición:

Santiago de Compostela, abril de 2024

Destinatarios:

Centros de saúde / hospitais públicos / hospitais e centros médicos privados / outros tipos de puntos de vacinación / xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade / áreas sanitarias

A información relativa a esta campaña pódese consultar na web da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<https://www.sergas.es/Saude-publica/PGV>

Recomendacións de vacinación fronte ao pneumococo

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN

Dirección Xeral de Saúde Pública

Actualización, 14 de xullo de 2026



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

1. Introducción.....	5
2. Vacinas dispoñibles.....	6
3. Aspectos técnicos de Prevenar 20®/Apexxnar®	7
3.1. Presentación e administración.....	7
3.2. Contraindicacións	7
3.3. Interacción con outras vacinas	7
3.4. Conservación	7
4. Recomendacións de vacinación	8
4.1. Vacinación sistemática no primeiro ano de vida	8
4.2. <i>Catch-up</i> nenos/as nados no ano 2022.....	9
4.3. Vacinación en menores de 18 anos con condicións de risco	9
4.4. Vacinación sistemática na idade adulta	9
4.5. Vacinación en maiores de 18 anos con condicións de risco	11
5. Cadro resumo das pautas en adultos.....	14
6. Solicitude das vacinas.....	15
7. Rexistro das doses.....	15
8. Notificacións de reaccións adversas	15
Anexo 1: Persoas con condicións de risco	17

1. Introducción

A infección por *Streptococcus pneumoniae* produce un amplo rango de patoloxías, dende enfermidades leves do tracto respiratorio superior ata formas graves como pneumonía, meninxite ou seps, que, aínda que son menos frecuentes, xeran unha maior morbimortalidade. A vacinación antipneumocócica diminúe esta morbimortalidade, especialmente a enfermidade pneumocócica invasiva (EPI) e contribúe a reducir o uso de antibióticos e as súas resistencias.

A vacinación fronte á enfermidade pneumocócica ten unha longa traxectoria na nosa comunidade autónoma, iniciándose no ano 2000 para todas as persoas de 65 anos e tamén para as pertencentes a grupos de risco. A vacina utilizada foi a vacina antipneumocócica de polisacáridos de 23 serotipos (VNP23), a única dispoñible naquel momento.

En xaneiro do ano 2011 iniciouse a vacinación sistemática fronte ao pneumococo para todos os nenos/as nados a partir do ano 2010 coa vacina antipneumocócica conxugada de 13 serotipos (VNC13). Esta vacina inicialmente só estaba autorizada para o seu uso en nenos/as.

No ano 2017 estendeuse a indicación da vacina antipneumocócica conxugada de 13 serotipos (VNC13) para todas as persoas ao cumprir 65 anos (nadas dende o 1 de xaneiro do ano 1952) e modifícase a idade de administración da vacina antipneumocócica de polisacáridos aos 66 anos de idade (pauta secuencial).

En setembro de 2020 ampliouse a vacinación con VNC13 a todas aquelas persoas de 65 ou máis anos institucionalizadas.

Na actualidade, contamos con outras vacinas que se acaban de aprobar nos últimos meses, como son as novas vacinas conxugadas con 15 e 20 serotipos. A vacina de 20 serotipos (VNC20) entra no calendario galego en xuño de 2023 para adultos, substituíndo a VNC13.

En febreiro de 2024, a vacina VNC20 (Apexxnar®), que ata o de agora só estaba autorizada por ficha técnica para as persoas de 18 ou máis anos, conta xa coa aprobación a partir das 6 semanas, pasando a chamarse Prevenar 20®.

2. Vacinas dispoñibles

Nestes momentos na comunidade galega contaremos cunha única vacina para a protección fronte ao pneumococo:

Nome comercial	Laboratorio	Tipo	Número de serotipos	Idade
Prevenar 20®/ Apexxnar®	Pfizer	Conxugada VNC20	20	≥6 semanas

Táboa 1. Vacina antipneumocócica dispoñible.

As vacinas conxugadas ofrecen unha inmunidade superior e de maior duración en comparación coas vacinas de polisacáridos. Ademais, inducen tanto memoria inmunolóxica como inmunidade local a nivel das mucosas, polo que diminúe a colonización nasofaríngea, o cal repercute na menor transmisión da enfermidade.

Vacina pneumocócica conxugada 20 valente (VNC20, Prevenar 20®/Apexxnar®)

No ano 2023, adquirese a nova vacina VNC20. Esta vacina é segura e eficaz, ademais de que evita a necesidade de completar a pauta coa vacina VNP23.

É preciso facer un cambio progresivo nas pautas, en función da idade, grupo de risco e estado de inmunización previo.



Envase da vacina conxugada 20 valente (Apexxnar®).



Envase da vacina conxugada 20 valente (Prevenar 20®).

3. Aspectos técnicos de Prevenar 20[®]/Apexxnar[®]

3.1. Presentación e administración

A presentación de Prevenar 20[®]/Apexxnar[®] é en xiringa precargada, o cal facilita a súa administración. Administrarase unha dose (0,5 ml) por vía intramuscular, preferiblemente no músculo deltoide.

É importante indicar que a composición da vacina é exactamente a mesma independentemente do nome comercial que apareza na caixa (Prevenar 20[®] ou Apexxnar[®]). Nos próximos meses empregaranse as vacinas de Apexxnar[®] existentes nos puntos de vacinación, ata que comecen a chegar as novas embalaxes de Prevenar 20[®].

3.2. Contraindicacións

Hipersensibilidade ao principio activo, a algún dos excipientes incluídos (cloruro de sodio, ácido succínico, polisorbato 80, auga para preparacións inxectable) ou ao toxoide diftérico.

3.3. Interacción con outras vacinas

Prevenar 20[®]/Apexxnar[®] pódese administrar de forma concomitante con calquera vacina do calendario ao longo de toda a vida. A administración será en lugares de inxección diferentes. Non se pode mesturar Prevenar 20[®]/Apexxnar[®] con outras vacinas/medicamentos na mesma xiringa.

Se por calquera razón a administración non é no mesmo día, non é preciso agardar ningún intervalo entre doses.

No caso de ter recibido outras vacinas antipneumocócicas, deberanse consultar os intervalos segundo as pautas de administración que aparecen no apartado 4.

3.4. Conservación

Conservar en neveira (entre 2 °C e 8 °C), en posición horizontal para minimizar o tempo de resuspensión. Non conxelar. Desbotar se a vacina foi conxelada.

4. Recomendacións de vacinación

A pauta de vacinación será diferente segundo a idade e a indicación, xa sexa para a vacinación sistemática por criterio de idade ou para a vacinación por pertencer a algún grupo de risco de enfermidade pneumocócica invasiva (EPI).

4.1. Vacinación sistemática no primeiro ano de vida

No mes de febreiro de 2024 o Comité de Medicamentos de Uso Humano (CHMP), da Axencia Europea do Medicamento (EMA), deu unha opinión positiva autorizando a vacina antipneumocócica conxugada 20 valente (VNC20) en lactantes a partir das 6 semanas de vida.

A pauta de vacinación sistemática, e que por tanto se inclúe no calendario de inmunización ao longo de toda a vida, consta dun total de 4 doses: 3 doses aos 2, 4 e 6 meses e un reforzo aos 11 meses.

Cando se introduce unha nova vacina con máis serotipos que a anterior, deberase establecer unha pauta tendo en conta os antecedentes de vacinación:

Antecedentes de vacinación	Pauta
Ningunha dose de VNC13	Pauta con VNC20 4 doses (2, 4, 6, 11 meses)
1 dose de VNC13 aos 2 meses	Pauta con VNC20 3 doses (4, 6, 11 meses)
2 doses de VNC13 aos 2 e 4 meses en lactante menor de 7 meses no momento da valoración*	Pauta con VNC20 2 doses (6, 11 meses)
2 doses de VNC13 aos 2 e 4 meses en lactante de 7 ou máis meses no momento da valoración*	Pauta con VNC20 1 dose (11 meses)

Táboa 2. Vacinación sistemática durante o primeiro ano de vida.

**NOTA: Tendo en conta que a nova pauta inclúe unha dose aos 6 meses que previamente non existía, poderase administrar esta dose a aqueles lactantes unha vez que cumpran os 6 meses e ata antes de cumprir os 7 meses. Se o lactante xa ten 7 ou máis meses, adminístrase a dose VNC20 aos 11 meses.*

4.2. *Catch-up* nenos/as nados no ano 2022

Dende este mes de maio de 2024, vaise realizar, de xeito extraordinario e durante este ano, a recaptación dos nenos/as nados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

Estes nenos/as, que xa recibiron a dose de recordo de pneumococo 13-valente no momento que lles correspondía, recibirán **a medida que vaian cumprindo os 2 anos**, a maiores, unha dose da vacina 20-valente _Prevenar 20/Apexxnar_ que inclúe 7 serotipos adicionais.

O obxectivo desta abordaxe é aumentar a protección directa polos serotipos adicionais incluídos nesta nova vacina e, de forma indirecta, aumentar a protección da poboación non vacinada.

4.3. Vacinación en menores de 18 anos con condicións de risco

Aquelas persoas pertencentes a calquera dos grupos de risco descritos no anexo que teñan pauta completa de VNC13 ou pauta secuencial (VNC13 + VNP23) recibirán unha dose adicional de VNC20, mantendo un intervalo de polo menos 2 meses tras a última dose.

Os nenos/as que reciban a primovacinação ou a completen con VNC20, no caso de pertenceren a algún dos grupos de risco, non recibirán a dose adicional de VNC20.

Os menores de 18 anos receptores de transplante de proxenitores hematopoéticos (TPH) recibirán unha primovacinação de 3 doses de VNC20, con intervalo de 4 semanas entre doses, tras 3-6 meses dende o transplante, e unha cuarta dose de reforzo polo menos 6 meses tras a terceira dose e, cando menos, 12 meses tras o TPH.

4.4. Vacinación sistemática na idade adulta

No calendario de vacinación ao longo de toda a vida está incluída a vacinación fronte ao pneumococo coa **vacina conxugada aos 65 anos e con recaptación dos nados a partir do 1 de xaneiro de 1952**; por tanto, as indicacións a seguir serán as seguintes:

- **Persoas a medida que vaian cumprindo os 65 anos.**

Recibirán unha dose de VNC20.

- **Persoas de máis de 65 anos (nadas dende o 1 de xaneiro de 1952) que non teñan recibido anteriormente ningunha dose de vacina antipneumocócica conxugada.**
Recibirán unha dose de VNC20.
- **Persoas de máis de 65 anos (nadas dende o 1 de xaneiro de 1952) que recibiron a vacina conxugada de 13 serotipos.**
Non precisan ningunha dose.
- **Persoas de máis de 65 (nadas dende o 1 de xaneiro de 1952) anos que recibiron as dúas doses de vacina antipneumocócica (pauta secuencial).**
Non precisan ningunha dose.

Antecedentes de vacinación	Pauta
Sen antecedente de vacinación	1 dose de VNC20
VNP23	1 dose de VNC20 (intervalo 12 meses)
VNC13	Ningunha dose a maiores
VNC13 + VNP23	Ningunha dose a maiores

Táboa 3. Vacinación aos 65 anos (aplicado a persoas nadas dende o 1 de xaneiro de 1952).

As persoas nadas antes do 1 de xaneiro de 1952 que non recibiran con anterioridade algunha dose fronte ao pneumococo poderán recibir de forma oportunista unha dose de VNC20.

Antecedentes de vacinación	
Sen antecedente de vacinación	1 dose de VNC20
VNP23	Ningunha dose a maiores
VNC13	Ningunha dose a maiores
VNC13 + VNP23	Ningunha dose a maiores

Táboa 4. Vacinación para as persoas nadas antes do 1 de xaneiro de 1952.

4.5. Vacinación en maiores de 18 anos con condicións de risco

4.5.1. Persoas institucionalizadas en residencias de maiores, independentemente da idade.

- Todas as persoas institucionalizadas recibirán unha dose da vacina antineumocócica conxugada 20-valente (VNC20), sempre que non recibisen previamente unha dose desta vacina, con independencia da pauta de vacinación antineumocócica recibida con anterioridade.

Antecedentes de vacinación	Pauta
Sen antecedente de vacinación	1 dose de VNC20
VNP23	1 dose de VNC20 (intervalo 12 meses)
VNC13	1 dose de VNC20 (intervalo 6 meses)
VNC13 + VNP23	1 dose de VNC20 (intervalo 12 meses)

Táboa 5. Persoas institucionalizadas en residencias de maiores (independentemente da idade).

4.5.2. Persoas con condicións de alto risco de enfermidade pneumocócica invasiva (EPI) – Grupo 1 (ver anexo).

- **Persoas que non teñan recibido anteriormente ningunha dose de vacina antipneumocócica.**
Recibirán unha dose de VNC20.
- **Persoas que recibiron UNHA soa das vacinas antipneumocócicas (polisacáridos ou conxugada).**
Recibirán unha dose de VNC20.

- **Persoas que recibiron as dúas doses de vacina antipneumocócica (pauta secuencial).**

Recibirán unha dose de VNC20.

Antecedentes de vacinación	Pauta
Sen antecedente de vacinación	1 dose de VNC20
VNP23	1 dose de VNC20 (intervalo 12 meses)
VNC13	1 dose de VNC20 (intervalo 6 meses)
VNC13 + VNP23	Administrar 1 dose de VNC20 (intervalo 12 meses)

Táboa 6. Persoas de 18 e máis anos con condicións de risco (grupo 1).

4.5.3. Pauta especial en receptores de transplante de proxenitores hematopoéticos (TPH).

- En adultos de 18 e máis anos, recoméndase unha serie primaria de 3 doses de VNC20 separadas entre si cando menos 4 semanas e tras 3-6 meses dende o TPH. No caso de enfermidade enxerto contra hós-pede crónica, administrárase unha dose de reforzo de VNC20 6 meses tras a terceira e, cando menos, 12 meses tras o TPH.
- No caso de que xa estea comezada a pauta con VNC13, completárase con VNC20, coa pauta anteriormente indicada.
- En persoas que tras o TPH xa teñan completada a súa pauta de vacinación (3 doses de VNC13 e dose de reforzo), recoméndase que reciban unha dose adicional de VNC20. Administrárase VNC20 aos 12 meses se a última dose recibida foi VNP23 e aos 6 meses se a última foi VNC13.

4.5.4. Persoas con condicións de risco moderado de enfermidade pneumocócica invasiva (EPI) – Grupo 2 (ver anexo).

- **Persoas sen antecedentes de vacinación ou que non teñan recibido ningunha dose de vacina antipneumocócica conxugada.**
Recibirán unha dose de VNC20.
- **Persoas que recibiron algunha dose de vacina antipneumocócica conxugada.**
Non precisan ningunha dose.
- **Persoas que recibiron as dúas doses de vacina antipneumocócica (pauta secuencial).**
Non precisan ningunha dose.

Antecedentes de vacinación	Pauta
Sen antecedentes de vacinación	1 dose de VNC20
VNP23	1 dose de VNC20 (intervalo 12 meses)
VNC13	Ningunha dose a maiores
VNC13 + VNP23	Ningunha dose a maiores

Táboa 7. Persoas de 18 e máis anos con condicións de risco (grupo 2).

Nota: Dado que a vacinación coa VNC20 consiste nunha dose única (a excepción de TPH), as persoas pertencentes a algún grupo con condicións de risco, se xa recibiron a dose de VNC20 previamente, non recibirán a dose de vacinación sistemática que corresponde aos 65 anos.

5. Cadro resumo das pautas en adultos

Na seguinte táboa podemos ver de forma conxunta todas as pautas de vacinación.

Antecedente de vacinación	Persoa ≥65 anos		Persoa ≥18 anos con condición de risco				
	Nada dende o 01/01/1952	Nada antes do 01/01/1952	Institucionalizada en residencia	Moderado	Alto	Receptora de transplante de proxenitores hematopoéticos	
Sen antecedente de vacinación	1 dose VNC20	1 dose VNC20 (oportunist)	1 dose VNC20			3 doses VNC20 (intervalo 4 semanas) + 1 reforzo de VNC20 aos 12 meses do transplante se enf. enxerto contra hóspede	
VNP23	1 dose VNC20		1 dose VNC20				
	Intervalo de 12 meses entre VPN23 e VCN20						
VNC13	-	-	1 dose VNC20	-	1 dose VNC20	3 doses VCN13: 1 dose adicional de VNC20	<3 doses VCN13: completar pauta substituíndo por VNC20
	Intervalo de 6 meses entre VCN13 e VCN20						
VNC13 + VNP23	-	-	1 dose VNC20	-	1 dose VNC20	Pauta completa (3 VCN13 + 1 VNP23): 1 dose VNC20	

Táboa 8. Cadro de resumo das pautas.

6. Solicitude das vacinas

As vacinas solicitaranse seguindo o procedemento habitual do resto das vacinas, a través da páxina web e axustándose á estimación da demanda de poboación no punto de vacinación, tendo en conta que a repartición habitual se realiza os xoves de cada semana.

7. Rexistro das doses

Cómpre lembrar que todas as vacinas administradas deben ser rexistradas no **módulo de vacinas de IANUS** como un dereito da persoa e tamén para poder facer unha mellor xestión das doses subministradas, así como para poder avaliar adecuadamente o Programa Galego de Vacinación. A vacina a rexistrar aparece no despregable co nome *"pneumocócica conxugada 20"*.

8. Notificacións de reaccións adversas

É importante notificar a sospeita de reaccións adversas, que permite unha supervisión continuada da relación risco/beneficio da vacina.

Para a notificación destas sospeitas, deberá contactarse co Sistema Español de Farmacovixilancia a través de <http://notificaRAM.es>

Anexo 1: Persoas con condicións de risco

Grupo 1:

Risco alto de enfermidade pneumocócica invasiva (EPI)

- Inmunodeficiencia/inmunodepresión:
 - Enfermidade de Hodgkin.
 - Linfomas e leucemias.
 - Mieloma múltiple.
 - Insuficiencia renal crónica (estadio 3 ou superior) ou síndrome nefrótica.
 - Transplantes de órganos sólidos ou de células hematopoéticas.
 - Infección por VIH.
 - Inmunodeficiencias de células T ou B, déficits de complemento e trastornos da fagocitose.
 - Inmunodeficiencia adquirida por tratamento inmunosupresor, quimioterapia ou radioterapia.
 - Tratamento con eculizumab ou derivados de acción prolongada.
- Asplenia anatómica ou funcional e disfunción esplénica (inclúe drepanocitose e enfermidade celíaca con disfunción esplénica).
- Portadores de implantes cocleares ou de fístulas de líquido cefalorraquídeo.
- Síndrome de Down.
- Enfermidade hepática crónica grave (inclúe cirrose).
- Antecedentes de enfermidade invasora confirmada (PCR ou cultivo) causada por *Streptococcus pneumoniae* independentemente do serotipo.

Grupo 2:

Risco moderado de enfermidade pneumocócica invasiva (EPI)

- Patoloxía cardiovascular crónica, excluída a hipertensión arterial non complicada.
- Enfermidade respiratoria crónica e enfermidades neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización das secrecións respiratorias ou aumenten o risco de aspiración.
- Patoloxía hepática crónica.
- Diabetes mellitus.
- Persoas que padecesen unha infección respiratoria aguda grave (IRAG) que precisase hospitalización (COVID-19, gripe, VRS, etc.).

